



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 24/02/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 24/02/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaría - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 -APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 -LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 -PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO SOCORRISTAS DE PRAIA, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.
- 4 -PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZO MULTIPLES, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.
- 5 -PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA), Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.
- 6-ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 7/02/2022, distribuída coa convocatoria.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 7/02/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

LICENZAS DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000007

Visto o escrito co número 2021/999/000268 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 31/03/2021, presentado por ANTONIO MARTINEZ DOMINGUEZ, en nome e presentación de GUSTAVO DONO LAMELA, no que solicita licenza de edificación para a construción de vivenda unifamiliar illada (referencia catastral número: 15038A50205580000DR), en base ao proxecto básico, sen visar, redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado 3442 do COAG.

Visto que con data 26/05/2021, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe técnico do que se desprende que é necesario presentar nova documentación para poder continuar coa tramitación do expediente, así como solicitar autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000749 (RS) de 26/05/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000750 (RS) de 27/05/2021, requíreselle a GUSTAVO DONO LAMELA, que presente a documentación que se indica no informe técnico, para continuar coa tramitación do expediente.

Visto o escrito co número 2021/999/000376 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 1/06/2021, presentado por ANTONIO MARTINEZ DOMINGUEZ, no que para cumprir co requirimento presenta Plano de urbanización esixido polo técnico municipal no informe de 26/05/2021, para unir ao expediente tramitado a nome de GUSTAVO DONO LAMELA.

Resultando, que mediante escrito co número 2021/999/000595 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 1/10/2021, presentado por JUAN RAMON INSUA REDONDA, no que achega nomeamento de director de execución material e coordinador de seguridade e saúde para construción de vivenda en Denle.

Resultando, que con data 9/11/2021, a Xefa do Servizo de Coordinación Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, resolve autorizar as obras de construción solicitadas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto que con data 12/01/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe técnico do que se desprende a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000021 (RS) de 18/01/2022, requíreselle a ANTONIO MARTINEZ DOMINGUEZ, que presente a documentación que se indica no informe técnico, para continuar coa tramitación do expediente.

Visto o escrito co número 2022/999/000077 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 26/01/2022, presentado por ANTONIO MARTINEZ DOMINGUEZ, no que para cumprir co requirimento anterior, presenta documentación complementaria ao proxecto básico para a construción dunha vivenda unifamiliar en Denle, promovida por Gustavo Dono Lamela e María García Lado.

Visto que con data 23/02/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto de execución presentado.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 24/02/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1) Conceder licenza a GUSTAVO DONO LAMELA, para a realización das obras consistentes na construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar de Denle deste termo municipal, (referencia catastral número: 15038A502055800000DR), en base ao proxecto básico redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez, colexiado 3442 do COAG.

- As obras non se poderán iniciar sen presentar documento público da cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

-Condicionase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009, pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis (6) meses desde a data de outorgamento da presente licenza, xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade, segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

- Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que puidese ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).

-En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, dispórase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000007
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 24/02/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Núcleo Rural Común (NR-Cm1)
- PROMOTOR: D. GUSTAVO DONO LAMELA
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Antonio Martínez Domínguez. Colexiado nº. 3442 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, colexiado nº. 2750 do COATIE.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
- USO: Vivenda unifamiliar
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

2) Notificar este acordo ao promotor para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2021/U022/000014

Visto o escrito co número 2021/999/000430 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 28/06/2021, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, en nome e presentación de JOSE RAMON OUTOMOIRO MARIÑO, no que solicita licenza de edificación para substituír a cuberta nun almacén e instalar unha escaleira exterior na vivenda unifamiliar anexa, sita na rúa Palomar, de Sardiñeiro (Fisterra), en base ao proxecto básico, sen visar, redactado polo arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés, colexiado 3125 do COAG.

Visto o escrito co número 2021/999/000435 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 29/06/2021, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, no que achega xustificante do ingreso da taxa pola tramitación do expediente iniciado a nome de JOSE RAMON OUTOMOIRO MARIÑO.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto que con data 31/08/2021, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe técnico do que se desprende que é necesario presentar nova documentación para poder continuar coa tramitación do expediente

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001039 (RS) de 6/09/2021, requíreselle a JOSE RAMON OUTOMOIRO MARIÑO, que presente a documentación que se indica no informe técnico, para continuar coa tramitación do expediente.

Visto o escrito co número 2021/999/000691 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 8/11/2021, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, no que para cumprir co requirimento presenta 1ª MODIFICACION DO PROXECTO BASICO para substitución de cuberta en almacén, sendo o promotor JOSE OUTOMOIRO MARIÑO.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001967 (RS) de 18/11/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Visto o escrito co número 2021/999/000753 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 25/11/2021, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, no que achega 1º modificado do PROXECTO BASICO PARA SUBSTITUCION DE CUBERTA EN ALMACEN, sen visar, anulando o presentado mediante rexistro de entrada telemático co número 2021-999-00000753 de 8/11/2021.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001989 (RS) de 29/11/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL da Xunta de Galicia, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 13/01/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia resolve autorizar a execución das obras de substitución de cuberta e construción de escaleira exterior na rúa Pombal, de Sardiñeiro (Fisterra), con referencia catastral número: 1547908MH8514N.

Resultando, que mediante escrito co número 2022/999/000041 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 14/01/2022, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, no que achega autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Resultando, que mediante escrito co número 2022/999/000082 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 28/01/2022, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, no que achega proxecto de execución visado con data 26/01/2022, así como nomeamento da dirección de obra.

Resultando, que mediante escrito co número 2022/999/000085 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 31/01/2022, presentado por JUAN RAMON INSUA REDONDA, no que achega nomeamento de director de execución material e coordinador de seguridade e saúde.

Visto que con data 23/02/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto de execución presentado.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1) Autorizar a JOSE RAMÓN OUTOMOIRO MARIÑO, para a realización das obras consistentes na substitución de cuberta nun almacén e instalación de escaleira exterior en vivenda unifamiliar anexa (referencia catastral número: 1547908MH8514N0001RA), en base ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Xoán Bautista Alborés Tajés, Colexiado 3125 do COAG.

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis (6) meses desde a data de outorgamento da presente licenza, xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade, segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

- Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que puidese ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).

- En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, disporase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000014

- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 24/02/2022

- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Edificación Residencial Mixta (O-4)

- PROMOTOR: D. JOSE RAMON OUTOMOIRO MARIÑO

- CONSTRUTOR:

- DIRECTOR DE OBRA: Xoan B. Alborés Tajés. Colexiado nº. 3125 do COAG

-DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, Colexiado nº. 2750 do COATIE.

- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existentes

- USO: Vivenda unifamiliar

- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

2) Notificar este acordo ao promotor para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

C) EXPEDIENTE: 2022/U022/000001

Visto o escrito co número 2022/999/000002 (RTE) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 9/01/2022, presentado por JOSE CARLOS LAGO TRABA, en nome e presentación de JOAQUIN DIAZ PIÑEIRO, no que solicita licenza para a instalación dun ascensor exterior no Hotel Prado da Viña, en base ao proxecto básico e de execución, visado de data 5/01/2022 e redactado polo arquitecto técnico José Carlos Lago Traba, colexiado número 2.220 do COATAC, e título PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN PARA A INSTALACIÓN DUN ASCENSOR”.

Visto que con data 14/02/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto presentado, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de rehabilitación e reestruturación, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación, tendo en conta que en atención ao indicado polo punto 7 dio ANEXO I do RLS, NON computará como aumento de volume:

A execución de obras e instalacións tendentes á adecuación á normativa de accesibilidade, incluíndo a instalación de novos ascensores e as súas casetas de operacións nas azoteas dos edificios.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 14/02/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1) Autorizar a JOAQUIN DIAZ PIÑEIRO, a realización das obras consistentes na instalación dun ascensor no hotel Prado da Viña (referencia catastral número 8612091MH7581S0001AU), en base ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto técnico José Carlos Lago Traba, colexiado número 2.220 do COATAC, visado o día 5/01/2022.

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis (6) meses desde a data de outorgamento da presente licenza, xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade, segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, dispórase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2022/U022/000001
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 24/02/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Residencial Mixta (O-4)
- PROMOTOR: D. Joaquín Díaz Piñeiro



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: José Carlos Lago Traba, Colexiado do COATAC nº. 2.220
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Existentes
- USO: Hoteleiro
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

2) Notificar este acordo ao promotor para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACION PREVIA DE OBRA

A) EXPEDIENTE: 2021/U026/000043

Visto o escrito co número 2021/000/00000622 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 6/04/2021, presentado por FRANCISCA FERNÁNDEZ LÓPEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de lavado e pintado do teito da vivenda en cor tella, construír unha beirarrúa de cemento de 15 metros cadrados pola parte traseira da vivenda de residencia, (Referencia Catastral número: 8607415MH7580N0001OT).

Considerando, que no informe técnico de data 9/04/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar co expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000648 (RS) de 12/04/2021, comunícaselle a FRANCISCA FERNANDEZ LÓPEZ, requíreselle que presente a documentación que se indica no informe técnico, para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2021/000/00000751 do Rexistro de Entrada de Documentos deste concello, de data 19/04/2021, FRANCISCA FERNANDEZ LOPEZ, contesta ao requirimento anterior e presenta a documentación solicitada.

Considerando, que no informe técnico de data 27/04/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que se debe contar coa autorización da Delegación Territorial de A Coruña da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, para poder continuar co expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000691 (RS) de 28/04/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Resultando, que con data 3/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural informe favorablemente a realización das obras de pintado de vivenda e beirarrúa

Visto o informe de data 11/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a FRANCISCA FERNANDEZ LOPEZ, o título habilitante para a realización de obras de lavado e pintado do teito da vivenda en cor tella, así como para construír unha beirarrúa con cemento de 15 metros cadrados na parte traseira da vivenda (Referencia Catastral número: 8607415MH7580N0001OT), debendo cumprir en todo caso as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e consistentes en:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. O material de cobertura será o tradicional do lugar, a tella cerámica vermella. Non se admite o uso de pranchas de fibrocemento ou chapa metálica de cor laranxa, nin o pintado nesta cor das existentes.

- O tratamento do formigón coidará o acabado e a tonalidade final de xeito que harmonice cos elementos nos que non se intervén, con especial coidado na execución dos bordos. Non se afectará ao muro tradicional de cachotería existentes no fondo da parcela. A modo de suxestión valorarase o emprego de formigón lavado de maneira que se perciban os áridos, aínda que se permiten outros acabados, sempre que se eviten os formigóns estampados e os coloreados rechamantes. Realizaranse as accións precisas para que na superficie pavimentada non existan diferenzas de cotas ou resaltes”.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2021/U026/000084

Visto o escrito co número 2021/000/00001254 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 11/06/2021, presentado por SEVERO DIAZ SUAREZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de pintado de fachadas da vivenda de residencia en cor claro, (Referencia Catastral número: 15038A503002440001FB).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que no informe técnico de data 15/06/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que se debe contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para poder continuar co expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000801 (RS) de 17/06/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 4/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a realización das obras de pintado das fachadas da vivenda sita nunha parcela con referencia catastral número 15038A503002440001FB deste termo municipal.

Visto o informe de data 11/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, estando permitidas segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a SEVERO DIAZ SUAREZ, o título habilitante para a realización de obras de pintado en cor claro das fachadas da vivenda de residencia (Referencia Catastral número: 15038A503002440001FB), debendo cumprir en todo caso as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e consistentes en:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona. Polo que preferentemente acabaranse as fachadas en cor branca ou branca rota. Tamén son axeitados tons beige, ocre claro como o 1005-Y20R, 1005-Y40R, 0510-Y20R, etc., ou cores propias desta zona mariñeira, entre elas a verde clara como 0520-G40Y, 0520-G50Y, 0520-G60Y, 1020-G50Y, etc, ou azul clara, con tons como 0515-R80B, 1015-R80B, etc.”.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

C) EXPEDIENTE: 2021/U026/000155

Visto o escrito co número 2021/000/00002418 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/11/2021, presentado por JOSE CELERINO LOPEZ CASTIÑEIRA, de COMUNICACION PREVIA DE OBRA consistente na restauración dun muro de pedra existente na finca do lugar de residencia. (Referencia catastral número:15038A502051780000DB).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 1/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo presentarse para poder realizar as mesmas:

“Nova documentación onde se aclare a través de croquis, orzamento e fotografías do muro que se pretende reconstruír, a súa localización exacta e o sistema construtivo a empregar na reposición así como as súas dimensións”.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00002018 (RS) de 14/12/2021, dirixese oficio a JOSE CELERINO LÓPEZ CASTIÑEIRA, requiríndolle que presente a documentación solicitada no informe técnico para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2021/000/00002694 (RE) de 28/12/2021, JOSE CELERINO LOPEZ CASTIÑEIRA, responde ao requirimento anterior e presenta a documentación solicitada para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo presentarse para poder realizar as mesmas:

- Nova documentación onde se indique a altura máxima do muro a realizar será de 1 metro e cumprir o esixido polo artigo 307.2 da normativa do PXOM, que indica que os peches das parcelas estarán en consonancia cos tradicionais existentes no correspondente núcleo rural. Cando o peche ou valado de fincas sexan de elementos opacos ou de fábrica terán unha altura máxima de 1,00 metro, podendo superarse esta altura ata 1,50 metros con materiais diáfanos, acordes cos existentes no núcleo, así como con peches vexetais.

- Declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, por ser a reconstrución dun peche xa existente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000006 (RS) de 11/01/2022, dirixese oficio a JOSE CELERINO LÓPEZ CASTIÑEIRA, requiríndolle que presente a documentación solicitada no informe técnico para continuar coa tramitación do expediente.

Con data 22/02/2022, xuntase ao expediente declaración responsable asinada por José Celerino López Castiñeira, dirixida ao Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 23/02/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, xa que as obras solicitadas son as de conservación e mantemento do antigo muro existente na parcela o que está permitido pola ordenanza de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JOSE CELERINO LOPEZ CASTIÑEIRA, o título habilitante para a realización de obras consistentes na restauración dun muro de pedra existente, (Referencia Catastral número: 15038A502051780000DB).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2021/U026/000162

Visto o escrito co número 2021/000/00002470 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 26/11/2021, presentado por CRISANTA SENLLE VALDIVIESO, de COMUNICACION PREVIA DE OBRA consistente na substitución de uralita por outra nova na parte diante do teito do garaxe sito no domicilio de residencia. (Referencia catastral número: 002501200MH75H0001HF).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 9/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo presentarse para poder realizar as mesmas:

“Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria”.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00002025 (RS) de 19/08/2021, remítese copia do expediente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, solicitándolle o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00002026 (RS) de 16/12/2021, diríxese oficio a CRISANTA SENLLE VALDIVIESO, manifestándolle que foi tramitada solicitude ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, polo que o expediente de comunicación previa de obra queda en suspenso ata o recibo do informe correspondente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que con data 22/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, resolve autorizar a execución das obras de substitución de pranchas de fibrocemento (referencia catastral número 002501200MH75H).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 23/02/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, estando permitidas segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CRISANTA SENLLE VALDIVIESO, o título habilitante para a realización de obras consistentes na substitución das pranchas de fibrocemento por outras novas na parte dianteira do teito do garaxe (Referencia Catastral número 002501200MH75H), debendo cumprir, en todo caso, as seguintes condicións impostas na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para poder realizar as mesas:

- O material de cobertura a utilizar será o característico do lugar no que se sitúa a edificación. Para este caso, o material idóneo é a tella cerámica curva.

- Non se alterará a posición e forma orixinal da cuberta, o seu número de vertentes nin a pendente orixinal destes. Non se construírán novas mansardas nin quebras nas vertentes.

- O elemento de impermeabilización baixo tella, placa de fibrocemento, coidarase de que non quede visto en ningún punto do perímetro da cuberta.

- O encontro entre vertentes no cumio e o encontro dos faldróns cos piches resolverase co propio material de cubrición, evitando o uso de elementos metálicos.

- Os beirados serán de escasa entidade, polo que se prohíbe calquera beirado cun voo maior de 20 cm. O panel de fibrocemento quedará retirado respecto da cara exterior do muro e sobre el colocarse a tella, que voará uns centímetros con respecto da cara exterior do paramento vertical.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E) EXPEDIENTE: 2022/U026/000010

Visto o escrito co número 2022/000/0000183 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 3/02/2022, presentado por PILAR OUTES LIÑEIRO,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente no encintado das paredes interiores dun galpón(Referencia Catastral número: 003501MH7580S0001AD).

Visto o informe de data 11/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a PILAR OUTES LIÑEIRO, o título habilitante para a realización de obras consistentes no encintado das paredes interiores dun galpón (referencia catastral número: 8003501MH7580S0001AD).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

F) EXPEDIENTE: 2022/U026/000012

Visto o escrito co número 2022/000/00000217 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/02/2022, presentado por JUAN FRANCISCO TRABA MARTINEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente na colocación de plaqueta no baixo e primeiro andar da vivenda (Referencia Catastral número: 8608501MH7580N0001AT).

Visto o informe de data 15/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN FRANCISCO TRABA MARTINEZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes na colocación de plaqueta no



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

baixo e primeiro andar da vivenda (referencia catastral número: 8608501MH7580N0001AT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

G) EXPEDIENTE: 2022/U026/000013

Visto o escrito co número 2022/000/00000224 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/02/2022, presentado por MARIA TERESA INSUA INSUA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente na construción dunha beirarrúa de cemento, de 5 metros de largo por 2 metros de ancho, polo interior do portalón existente nunha finca sita no domicilio de residencia. (Referencia Catastral número: 8625718MH7582N0001HH).

Visto o informe de data 15/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA TERESA INSUA INSUA, o título habilitante para a realización de obras de construción dunha beirarrúa de cemento, de 5 metros de longo por 2 metros de ancho, polo interior do portalón existente nunha finca (referencia catastral número: 8625718MH7582N0001HH).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

H) EXPEDIENTE: 2022/U026/000014

Visto o escrito co número 2022/999/00000099 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/02/2022, presentado por CRISTINA BARREIRO GARCIA, no que solicita permiso para poñer un contedor de obra xa que vai a realizar unha reforma no apartamento sito no domicilio de residencia.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto o escrito co número 2022/000/00000242 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 10/02/2022, presentado por CRISTINA BARREIRO GARCIA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente na substitución de azulexo e das pezas do cuarto de baño do domicilio de residencia, por outros novos, (Referencia Catastral número 8219827MH7582S0005ET).

Visto o informe de data 15/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CRISTINA BARREIRO GARCIA, o título habilitante para a realización de obras de substitución de azulexo e pezas do cuarto de baño por outras novas nun apartamento (referencia catastral número:8219827MH7582S0005ET).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

I) EXPEDIENTE: 2022/U026/000016

Visto o escrito co número 2022/000/00000259 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 14/02/2022, presentado por CARMEN MARTINEZ LADO, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente no arranxo de gretas e pintado en cor branca das fachadas principal e traseira da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número 15038A50200924000DZ).

Visto a acta de comprobación documental de data 23/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a CARMEN MARTÍNEZ LADO, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación de gretas e pintado en cor branca das fachadas principal e traseira da vivenda (referencia catastral número: 15038A50200924000DZ).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

K) EXPEDIENTE: 2022/U026/000017

Visto o escrito co número 2022/000/00000262 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 15/02/2022, presentado por JUAN JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA consistente na reparación con pedra aserrada nunha superficie de 20 metros de longo por 0,75 metros de ancho da beirarrúa existente diante da vivenda. (Referencia Catastral número: 8406401MH7580N).

Vista a acta de comprobación documental de data 23/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, xa que as obras solicitadas están permitidas pola ordenanza de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN JOSE LÓPEZ LÓPEZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes na reparación con pedra aserrada nunha superficie de 20 metros de longo por 0,75 metros de ancho da beirarrúa existente diante da vivenda (referencia catastral número: 8406401MH7580N).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACION PREVIA DE OBRA DE ADECUACION DE LOCAL PARA ACTIVIDADE

A) EXPEDIENTE: 2021/U027/000003

Visto o escrito co número 2021/000/00001366 do Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/06/2021, presentado por ENCARNACIÓN FERNANDEZ MARTINEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA DE REFORMA INTERIOR DUN LOCAL PARA DESTINALO A CAFE BAR CON XELADERIA,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

(Referencia Catastral número 8608701MH7580N), en base ao proxecto técnico de xuño de 2021, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Emilio García Baña, Colexiado número 2065.

Considerando, que do informe técnico de data 7/07/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar co expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000903 (RS) de 8/07/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000908 (RS) de 9/07/2021, comunícaselle a ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, que se solicita informe sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Portos de Galicia, indicándolle que as obras quedan en suspenso ata que se reciban os informes solicitados. Ao mesmo tempo, requíreselle que presente diversa documentación para continuar coa tramitación do expediente..

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000909 (RS) de 9/07/2021, remítese copia do expediente á PORTOS DE GALICIA - ZONA CENTRO, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que co número 2021/000/00001928 do Rexistro de Entrada de Documentos deste concello, de data 17/09/2021, ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, para contestar ao requirimento anterior, presenta dirección de obras para levar a cabo o Acondicionamento dun local destinado a café bar con xeadaría.

Resultando, que co número 2021/000/00001929 do Rexistro de Entrada de Documentos deste concello, de data 17/09/2021, ENCARNACIÓN FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, para contestar ao requirimento anterior fai constar que a actividade a desenvolver no café bar con xeadaría producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB.

Resultando, que con data 18/10/2021, a Xefa de Área de Explotación e Planificación dos Servizos Centrais de Portos de Galicia emite informe con carácter favorable á execución das obras proxectadas.

Resultando, que con data 4/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a execución de obras de acondicionamento de local (referencia catastral: 8608701MH7580N).

Visto o informe de data 16/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por tres votos a favor (2 PSOE e 1 BNG) e unha abstención da Sra. Teresa Fernández Martínez, acorda:

1º) Conceder a ENCARNACIÓN FERNANDEZ MARTINEZ, o título habilitante para a realización de obras de reforma interior dun local para destinalo a café - bar con xeadaría, consistentes en:

- Instalación dun novo aseo adaptado
- Nova distribución interior para delimitar zona de obradoiro e de almacén.
- Nova instalación de electricidade de alumeadado, de forza e de iluminación de emerxencia.
- Mantense a carpintería exterior, salvo na zona da entrada que será cunha carpintería de aluminio en cor escuro.
- Instalación de nova ventilación forzada para xustificar o RITE mediante un filtro de extracción de carbón activo, que garante a expulsión de aire limpo e sen olores.

Todo iso, nun baixo da edificación (con referencia catastral número 8608701MH7580N), en base ao proxecto técnico de xuño de 2021, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Emilio García Baña, colexiado número 2065, condicionadas a:

- Non se executarán novos ocos nas fachadas, polo que a colocación das reixas na entrada, permitirase unicamente integrada no portalón existente. As novas reixas de extracción serán de aluminio lacada branca no mesmo acabado ás actuais.

De pretender calquera outra intervención no exterior do local, como a colocación de rótulos, deberase achegar unha nova solicitude para a súa autorización previa, describindo detalladamente as solucións construtivas, dimensións, materiais, acabados e cores a empregar”.

2º) Unha vez rematadas as obras será necesario, para o inicio da actividade, segundo o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberá presentar COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DO ESTABLECEMENTO sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO SOCORRISTAS DE PRAIA, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e procedese a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados SOCORRISTAS DE PRAIA.

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	INDEM. FIN CONTRATO	CUSTOS TOTAIS
804,21	350,88	192,52	1.347,61	467,62	44,92	1.860,15

CUSTOS TOTAIS DE 4 TRABALLADORES DURANTE 3 MESES	
Custos salariais: 1.347,61 x 4 traballadores x 3 meses =	16.171,32 €
Seg. Social Empresa: 467,62 x 4 traballadores x 3 meses =	5.611,44 €
CUSTOS TOTAIS	21.782,76 €
Subvención Xunta de Galicia (1.555,00 € x 3 meses x 4 socorristas)	18.660,00 €
Aportación municipal	3,122,76 €
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 44,92 € x 4 traballadores x 3 meses =	539,04 €
Aportación municipal total	3.661,80 €
Gasto Salarial: 16.171,32 + 539,04 =	16.710,36 €
Gasto Seguridade Social =	5.611,44 €
Total custo da contratación =	22.321,80 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

4- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZO MULTIPLES, Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego en medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominado PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES.

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	INDEM. FIN CONTRATO	CUSTOS TOTAIS
679,57	298,15	162,95	1.140,67	395,81	38,02	1.574,50

CUSTOS TOTAIS DE 1 TRABALLADOR DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 1.140,67 x 1 traballador x 9 meses =	10.266,03 €
Seg. Social Empresa: 395,81 x 1 traballador x 9 meses =	3.562,29 €
CUSTOS TOTAIS	13.828,32 €
Subvención Xunta de Galicia (1.536,48 € x 1 traballador x 9 meses)	13.828,32 €
Aportación municipal	
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 38,02 € x 1 traballadores x 9 meses =	342,18 €
Aportación municipal total	342,18 €
Gasto Salarial = 10.266,03 + 342,18 =	10.608,21 €
Gasto Seguridade Social =	3.562,29 €
Total custo da contratación =	14.170,50 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

5- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PETICIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA O SERVIZO DENOMINADO PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA), Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA.

Vista a orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar os proxecto de obras ou servizos denominados PEONS DE APOIO A SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA).

2º) Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

SALARIO BASE	COMPLEMENTO	P.P.E.	TOTAL SALARIO	SEG. SOCIAL EMPRESA	INDEM. FIN CONTRATO	CUSTOS TOTAIS
509,68	223,61	122,21	855,50	323,38	28,52	1.207,40

CUSTOS TOTAIS DE 2 TRABALLADORES DURANTE 9 MESES	
Custos salariais: 855,50 x 2 traballadores x 9 meses =	15.399,00 €
Seg. Social Empresa: 323,38 x 2 traballadores x 9 meses =	5.820,84 €
CUSTOS TOTAIS	21.219,84 €
Subvención Xunta de Galicia (1.178,88 € x 2 traballadores x 9 meses)	21.219,84 €
Aportación municipal	
Gastos Non Subvencionables	
Indemnización fin contrato: 28,52 € x 2 traballadores x 9 meses =	513,36 €
Aportación municipal total	513,36 €
Gasto Salarial = 15.399,00 + 513,36 =	15.912,36
Gasto Seguridade Social =	5.820,84
Total custo da contratación =	21.733,20 €

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para que en nome e representación deste concello, poida asinar os documentos necesarios para a execución deste acordo.

6º) ASUNTOS VARIOS

6.1 – VADO PERMANENTE

EXPEDIENTE: 2021/v008/000007

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000188 (RE) de 4/02/2022 por Juan Bautista Louzán Suárez, no que comunica que a Xunta de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Goberno Local na sesión de 29/07/2021, concedeulle o vado permanente número 3/2021, de 3 metros lineais, para unha superficie interior de 105 metros cadrados, e solicita a ampliación a 6 metros lineais, como constaba na solicitude orixinal, xa que ao ser unha rúa estreita os 3 metros lineais dificultan a entrada e saída de vehículos do garaxe (Referencia catastral 0845935MH8504N0001RU).

Visto o informe técnico favorable de data 15/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que o vado solicitado cumpre co establecido na ordenanza reguladora da reserva de entrada e saída de vehículos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a JUAN BAUSTISTA LOUZÁN SUAREZ, autorización para ampliar o vado permanente número 3/2021, a unha lonxitude de 6 metros lineais, para facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe

a) Deberá instalar na porta, fachada ou construción de que e trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Non se permite en ningún caso, colocar rampas que ocupen a calzada.

c) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

- Incluílo no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para o aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc., para o ao 2022, cunha cota anual de setenta e tres euros (73,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o período de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicitase a súa finalización como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados ao acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terán, en todo caso, carácter preferente.

2º) Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

6.2 – SOLICITUDES DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000102 (RE) de 19/01/2022, a petición de J. L. C., no que solicita unha axuda de emerxencia social.

Visto o informe de data 23/02/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única de trescentos euros (300,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. L. C., unha axuda económica de emerxencia social, por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000336 (RE) de 24/01/2022, a petición de L. G. R., no que solicita unha axuda de emerxencia social.

Visto o informe de data 24/02/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica única de trescentos noventa e nove euros (399,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a L. G. R., unha axuda económica de emerxencia social, por importe de trescentos noventa e nove euros (399,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.